

BIBLIOTECA VIVENTE

“O galego dá xogo”
11 e 12 de abril 2018



MALLANDO NO ANDROID

Diario dun blogueiro

Na casa dun enxeñeiro de telecomunicacións o despertador soa ás 8h. que obviamente é a alarma do meu smartphone. Nada máis abrir os ollos, aínda cheos de lagañas, chequeo o meu correo-e, filtro e asigno prioridades. Arrastro os pés ata a cociña mentres vou facendo unha lectura rápida dos medios que nos serven de fonte. Prendo o ordenador ao tempo que fago café. Entre sorbo e sorbo redacto a primeira publicación da mañá. A nova do día son as G.Glass: parece que o futuro que debuxaban as películas xa nos acadou. Opinións para todos os gustos, e créanse unha chea de mitos. É o que ten que só se poidan mercar con invitación e moito carto. Decido escribir sobre a miña experiencia coas G.Glass en Hamburgo: sei que son un privilexiado e teño que compartilo.

'Clink!' Notificación. Teño que saír xa se quero coller o voo! Ás 3 horas atópome na feira de novas tecnoloxías de Barcelona coa acreditación pendurada do pescozo. Tócame pasar o día probando cachivaches que aínda non saíron ao mercado. Á hora de xantar consulto que me recomenda unha das miñas aplicacións favoritas e aproveito para publicar un par de entradas no blog. A comunidade está ansiosa por ter novas! Chequeo o correo-e por sexta vez no día, sempre pendente da actualidade. Google E. solicítanos unha xuntanza por mor da nosa iniciativa. Están interesados, ben!

De volta na feira contraste opinións con outros blogueiros, converso con usuarios, programadores, fabricantes... mentres sigo probando dispositivos do máis novidoso. Sorpréndeme que nos coñezan, a nós que somos tan pequenos e eles tan grandes. Os primeiros e únicos do mundo, si, pero pequenos. Sei que é froito da marca que vendemos, que é sinónimo de calidade, e isto a grande comunidade que nos segue sábeo.

LIBRO 1



A LINGUA, UNHA CUESTIÓN DE VIDA OU MORTE


"Acudide, acudide, que está *carpindo!*" Tardei un bo anaco en averigalo, pero grazas a ela puiden atender en tempo a súa doenza. E coma esa... cantas! "Levo *aghumintando* tres días", "Ai, non teño *solás!*", "Dóeme o *curso*" (...) Canto máis sabía, máis certa era nos diagnósticos. Logo empecei a notar os suspiros de alivio de quen se sente comprendido/a, a confianza creada para saber da súa sintomatoloxía, incluso do máis íntimo... sen ela non tería sido posible, e ese era o meu deber!

Canto me axudou tamén cando iamos polos prostíbulos: a outra xente non conseguía obter tanta información dunha mesma conversa. E tamén agora que me lanzo á aventura da cooperación internacional ábreme todo un abano de posibilidades.

Aínda que foi a francesa a primeira que entrou na miña boca, foi esta a que me deu a vida. Permitíume adicarme ao que eu sempre quixera, e aínda tendo que tomar o camiño curto, co tempo decateime de que ese era o verdadeiro para unha atención á saúde real.

E si, paso o dobre de traballo para elaborar os informes, pero que a burocracia nunca me leve a perder o que eu son! Pouco pago é para quen tanto me deu!

Ben vexo que agora está nas últimas, mais négame a mandala a paliativos, e é por iso polo que ando enriba con este kit de frenotomías para sacar o verme. E ti, queres que cho quite?



VIMOS DO CU DO MUNDO PERO TEMOS A BRAVURA PARA TRONZAR O UNIVERSO

Aínda que non había no mundo quen o puidese facer mellor ca nós, fartáronse de repetilo ata o aburrimiento e acabamos por crelo: que non vale para iso, é imposible! Ata que apareceron aqueles de Vigo e lle deron nos dentes. Nós faciamos máis do mesmo, que non era pouco, pero desde que cadramos cos 'The Pogues' en Lorient metéusenos esa teima na cabeza. Os frigoristas déronnos o empuxón e foi todo un boom! Esa mestura que fixeramos tiña o sabor de onde somos pero con toda a vehemencia da mocidade, coma a que tivera a xente vella. En canto saltamos á palestra, axiña apareceron por todo o país outros coma nós, un fervedoiro! En Chantada, Lourenzá, Ponteareas, Monforte, Vimianzo... Uníanos o galego e a distorsión, faciamos música do noso tempo pero con cheiro de onde somos, e decidimos xuntarnos para dar o Castañazo. Por facer xusto o contrario do que che mandan percorremos toda a península Ibérica e media Europa. Puxemos no centro do mundo aquilo que nunca estivera e afiliamos a toda a chavalada do país.

Pero veña e dálle, seguen a repetilo ata o aburrimiento, que non serve, e ti... ti estalo desexando, tes a mellor actitude, porque queres deixar de ser espectadora para convertirte en protagonista, porque queres ser dona da túa realidade, porque non queres ser unha máis... pero non cho poñen fácil, non che dan a oportunidade. Non se che pode pedir que cambies persoalmente o mundo, non se che pode pedir que sexas unha heroína... pero tes a modernidade entre os dentes e sabes que serás a mellor do mundo facéndoo.


Que dis? Afiliaste?



A QUE SABE O SALITRE?

“Sabe a marea baixa, a lamber o brazo despois de tardes enteiras na praia coa cuadrilla, ao guiso de pinto da avoa, ao peixe do papá... Sabor a vida!” -dixo el. E iso foi o que o trouxo ata aquí.

Enrolou con 14 anos rodeado de salitre e levouno na pel polos fogóns do mundo adiante ata recalar nunha pequena aldea ao pé da catedral, onde a modernidade ten fondas raíces no mar e se navega a través dos tempos en cunchas de vieira por mundos coñecidos e por coñecer, dando bocados esperados e inesperados que saben a domingos na casa e a memorias do que é e do que pode ser, servidos por un matalote que no seu día non quixo aprender.



RIGOR CIENTÍFICO

Resultado negativo.
Verdadeiro ou falso?

Só se aceptará como resposta a validada polo método científico:

Fase 1: Observación: observar con atención como se presenta o fenómeno na realidade.

Fase 2: Presentación do problema: formularse preguntas sobre o fenómeno ou problema observado.

Fase 3: Hipótese: proponden posibles respostas/solucións sobre o problema estudado.

Fase 4: Experimentación: verificar ou comprobar a validez de cada unha das hipóteses, mediante experimentos.

Fase 5: Conclusións: Se comprobamos que a hipótese proposta é verdadeira, a nosa conclusión será válida. Resultado positivo.

Fase 6: Publicación: compartir as conclusións.

Resultado positivo ou negativo? Investiga!



GALIFORNICATION

Só sabía de ti polo que vira naquela película que me puxeran cando estivera polo sur; do moito que chovía e do falar coma se fose un canto, e quíxente coñecer. Pedín para ir a onda ti e fóronme mandar á terra das patacas. Recibíchesme con ese canto suave e doce, con esa habilidade de dicir cunha palabra o que o resto ten que gastar tres, pero o que fixo que me prendase de ti foi que me convidases a ser partícipe da túa alegría. Iso non mo deran no sur, e de onde eu veño nin sequera se concibe.

Descubrinme en Italia sendo máis túa ca de onde pertenzo, co teu caos organizado déchesme a identidade que me faltaba. Compartiches comigo o teu tesouro. Sei que agora son parte de algo especial, e en agradecemento lévote na boca e no corazón. Metíchesme ese bicho dentro e agora, coidado! Quen anda ao meu redor corre o perigo de contaxiar!

CONCELLERÍA
DE
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA

CONCELLO
DE VIGO




VIGO
EN GALEGO

 **ANDOBELA**
EDUCACIÓN E CULTURA